



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 5 DE MARZO DE 2009**

**ALCALDE:** D. Jesús Vazquez Almuiña

**CONCELLEIROS:** D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez  
Dña.Maria Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
D.Manuel Rafael Estévez González  
Dña.Laura Miguez Pérez  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez  
Dña. Teresa Perez Vieira  
D. Manuel A. Gonzalez Marcote

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

**SECRETARIA:** Dña.Susana Gallardo Fariña

**INTERVENTORA:** Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a cinco de marzo de dous mil nove, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION DE ACTAS ANTERIORES.**

*Acta de 5 de febreiro de 2009.*  
*Acta de 19 de febreiro de 2009.*

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer ás devanditas actas.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Na acta do 19 de febreiro, páx.3, di que o Sr.Estévez, PSOE, fala do *Pleno do 3 de outubro de 2009*; aínda non sei que direi o 3 de outubro do 2009.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

Non produciéndose ningunha alegación máis, fican aprobadas por unanimidade as Actas de 5 e 19 de febreiro de 2009.

## **2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os Concelleiros dispoñen da relación de resolucións da Alcaldía.

## **3.-DACION DE CONTA DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO DO CONCELLO DE BAIONA CORRESPONDENTE O EXERCICIO 2008.**

Dase conta da devandita liquidación.

## **4.-MODIFICACION DE CREDITO 1/2009.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA**, quen da conta da seguinte:

### **MEMORIA DE LA ALCALDÍA**

Como consecuencia de la presentación por D. José Luís Domínguez Domínguez arquitecto director de la obra de: “Rehabilitación de la Casa Carbajal para museo de la Navegación” del proyecto reformado de la mencionada obra por importe de 169.279,98 €, y siendo necesario suplementar la partida presupuestaria con el fin de poder de poder posteriormente aprobar el proyecto, se eleva al Pleno, previo dictamen de la Comisión informativa, propuesta de aprobación de expediente nº 01/09 de modificación del Presupuesto de 2008, prorrogado para 2009, mediante suplemento de crédito por importe de 169.279,98 €

El presente expediente se financia en su integridad con el Remanente de Tesorera para Gastos Generales derivado de la liquidación de 2008 y que ha ascendido, según Decreto de aprobación de la liquidación de fecha 19/02/09, a 958.472,60 €

Como consecuencia se eleva al Pleno la siguiente PROPUESTA DE ACUERDO:

“Aprobación del expediente de modificación de crédito nº 01/09, mediante suplemento de crédito por importe de 169.279,98 € en la partida 451-62200: Rehabilitación Casa Carvajal, financiado con la partida de ingresos: 870-01: Remanente de Tesorera para Gastos Generales, aplicación para suplementos de crédito.  
Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública”.

---

**SR.RODAL, PP.-** Con fecha 25 de septiembre se adjudicó a la empresa CONSTRUCCIONES VARELA VILLAMOR la ejecución de las obras de rehabilitación de la Casa de la Navegación; las obras comenzaron el 25 de diciembre de ese mismo año y durante su ejecución se observa la necesidad de realizar unidades de obra no contempladas en el proyecto de rehabilitación, como fueron la ampliación del capítulo de demoliciones, con ejecución de muros de hormigón armado mediante bataches, preparación de apoyos necesarios para estructura de forjado y cubierta de madera en muros, medianera, y carga mediante la ejecución de mechinales, y



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

ejecución de apeo de fachada posterior necesario para retirar un dintel metálico en mal estado de conservación, así como la aplicación de tratamiento preventivo contra insectos, carcomas, polillas, etc.; este montante del capítulo de demoliciones supone 13.078 euros. Capítulo de saneamiento 1.411, el de solera 4.645 euros, la estructura de madera 32.971, la albañilería 16.330 euros, la cubierta 3.423, los solados y alicatados 5.475, carpintería 9.081, y fontanería y saneamiento, hay una bajada de 1.680 euros; en total es un montante de 122.611,11 euros, más el IVA; como se dijo antes un total de 169.279 euros.

En todo trabajo de rehabilitación, como es este caso y más en este edificio tan emblemático para toda Baiona, es lógico que aparezcan imprevistos y más, como he dicho, en el caso de esta Casa de Carvajal por la antigüedad que tiene.

**SR.LORES, PSOE.-** Neste punto vai falar o compañeiro Rafael Estévez; eu simplemente felicitar ó grupo popular polos resultados que obtiveron nestas eleccións autonómicas.

**SR.ESTEBEZ, PSOE.-** Quixera pedirle licenza ó Sr.Alcalde para comentar na miña intervención algúns aspectos da liquidación do Presuposto do Concello do ano 2008; utilizaría a miña primeira intervención para iso, e a segunda para defendé-lo punto. Paréceme (o podo argumentar se vostede me permite), entendemos que o debate de presupostos é ún dos máis importantes do ano, pero é o debate sobre a política económica do goberno, pero unha vez feita a Liquidación do presuposto creo que se debería tamén (a mín paréceme moi importante) analizar a xestión dese presuposto. Xa saben vostedes que as directrices do PSOE para os presupostos dos Concellos teñen que ser de colaboración e de facilitación, e eu dende aquí quería (antes de aprobar o Presuposto do 2009 que entendo que xa está todo preparado para presentálo a Pleno) comentar algunha das cousas da execución do Presuposto do ano 2008 para que tamén poidan télas en conta nese Presuposto do 2009; esa é a argumentación.

**SR.ALCALDE.-** Non está preparado para levar a Pleno e vostedes serán convocados para falar dese Presuposto, hai tempo; iso non ten nada que ver co punto que estamos discutindo neste momento. Cando haxa un borrador de Presupostos vostedes serán convocados e o discutiremos, tal e como habíamos quedado; a día de hoxe non hai ningún borrador. Este punto da Orde do día é outra cousa, é unha obra importante no Concello de Baiona e non queremos que se pare, queremos que siga adiante. Trataremos de ter o borrador moi pronto para poder discutílo e aprobálo, pero a día de hoxe non está feito.

**SR.ESTEBEZ, PSOE.-** Acepto la decisión do Presidente da Corporación.

Con respecto á modificación de crédito 1/09, xa este proxecto tiña unha modificación presupostaria de 550.000 euros, senón recordo mal, para facer a rehabilitación para o Museo da Navegación, e agora hai unha modificación do proxecto do Arquitecto que leva consigo unha nova modificación de 169.000 euros; non vou a entrar na xestión económica deste punto porque realmente lles corresponde a vostedes a xestión presupostaria, e obviamente esta modificación en cuantía económica pois require unha modificación presupostaria ademais de que aínda non está aprobado o Presuposto do 2009; esta é a primeira e esperemos que sexa a última e que o Presuposto do 2009 xa se poida aprobar o antes posible.

Sobre o reformado do proxecto, dende logo é chocante, xa que supón unha modificación dun 30%, que é unha parte estrutural do proxecto moi importante; eu boto en falta neste punto un informe, algunha opinión, de Urbanismo, tanto do proxecto inicial como deste reformado; na memoria do Arquitecto se fala de que é necesario facer novas unidades de obra non



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

contempladas no proxecto anterior e imprevisibles; claro, empezas a mirar cada unha das unidades de obra (dentro da limitación técnica deste concelleiro) e claro, imprevisible, imprevisible, pois poucas cousas hai nas que van no reformado; eu creo que o primeiro proxecto se fixo dende Cuenca e é un despacho porque “demolición de chimeneas”, eu creo que xa estaban as chimeneas antes; ou “demolición de tabiques de resilla existentes, pois non son imprevisibles ¿non?. Tamén hai unha partida moi importante que se modifica: “reparación de apoyos necesarios para estructura de forjado y cubierta de madera en muros”, polo menos isto sona a moi perigoso; “tratamento preventivo contra carcomas, polillas, etc en estructura de madeira”, é lóxico; “instalación de pilotos de balizamento na escaleira”; curiosidades do reformado; eu non entendo como no Capítulo I non se contemplaban os contenedores para recoller os escombros, non entendo como se pode facer un proxecto sen isto, igual que no Capítulo 10. Despois tamén hai medicións esaxeradamente aumentadas ou diminuídas; 600 m<sup>2</sup> en pintura; o metro do proxecto inicial debía estar coxo. Na partida III, un 166% de aumento; obviamente a modificación de crédito que nos ocupa pois estrictamente necesaria polo desvío do proxecto, pero a xustificación do proxecto inicial realmente non hai por onde colléla.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- En primer lugar queremos dende o BNG felicitar a todos os membros e membras do grupo de goberno municipal do Partido Popular polos resultados acaecidos nas eleccións. Respecto ó que decía o compañeiro Rafa, dicir que sí estivemos estudiando a liquidación do presuposto do Concello de Baiona correspondente ó exercicio 2008, e simplemente dicirlle Sr.Alcalde, que debера vostede tomar boa nota dos consellos que lle dan os servizos xurídicos e de Intervención no mesmo. Con respecto á modificación de crédito que hoxe traen aquí, para as obras que estánse desenvolvendo agora mesmo no Museo da Navegación, dicir que máis ou menos tamén, recalcar o que decía o compañeiro Rafa, de que nos parece un auténtico despropósito e que a saber dende onde se fixeron estes orzamentos xa que a variación é tan sustancial que alomenos parece extrana; subir un orzamento un 30,78% parece moi abultado; aínda que todos sabemos, porque todos fixemos obras nas casas, e sabemos que nunca son como empezan senón como acaban, e que necesitan reformados, iso é ben certo, non entendemos como un orzamento dunha obra de reformas se poida incrementar nun 83,78% non Capítulo de demolicións; non o entendemos. Tampouco entendemos como no Capítulo de Albañilería se poida aumentar un 115,28%; ou no Capítulo III, de soleras, un 166,53%; nos parece demasiado; nos parecen demasiados aumentos como tamén o da estrutura de madeira un 73,41%; ou se fixo a correr, ou se fixo mal.

Eu lle pediría ó Alcalde, ó equipo de goberno, xa que creemos que teñen o seu alcance persoal suficientemente cualificado, que se leve un control estricto desta obra e de todas as que se están levando a cabo no Concello para que non se chegue ó despilfarro co diñeiro de todos os veciños e veciñas. Polo tanto nós non estamos dacordo con estas contas que nos presentan. De momento non teño máis que dicir Sr.Alcalde; a ver se nos aclaran algunhas cuestións que nos poidan resolver algunha dúbida das que temos.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Para non ser menos que os demais eu espero que o resultado electoral e a futura composición da Xunta de Galicia sexa positiva para esta Corporación, e todos nos congratulamos que todos eses proxectos que nós xa temos previstos pois agora saian adiante sen atrancos, esperemos que a nosa labor de concellais agora se vexa compensada por un



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

gobierno da Xunta de Galicia que nos apoie; o pobo votou o que votou e polo tanto hai que congratularse.

En canto ó punto que traemos hoxe aquí, hai unha cousa na que coincido plenamente, ao mellor coa crítica de cómo se elaboran os proxectos, pero é un tema xeral; eu sempre tiven claro unha frase que me decían: “en España ao mellor se fai un proxecto nun mes e logo hai unha execución de 3 anos; en Alemania un proxecto tarda 1 ano en facerse e se executa noutro ano”, porque desgraciadamente aquí non se pensan os proxectos, e hoxe en día coas técnicas que hai se fan a través de Internet, collen datos e te preparan un proxecto nunha semana, lamentablemente isto é así; é un mal que hai que combatir, non se pensan os proxectos; creo que deberían pensarse moito máis, estudiálos moito máis a fondo, porque o fin e o cabo para unha Administración sempre é moito máis rentable facer un proxecto, aínda que sexa por fases, que non con modificacións presupostarias, porque facendo estas modificacións quen se beneficia é a empresa adxudicataria que moitas veces vai á baixa e logo se beneficia; sen embargo, si se fai por fases, sacaríaos adiante cada fase, cousa que sempre sería beneficiosa; isto o teño claro, isto é así, e non nos podemos enganar: Desgraciadamente as Corporacións somos vítimas dos prazos que nos marca a Administración polo que moitas veces temos que facer as obras a correr, e poño o exemplo do último plan de obras do Goberno Central: nos dan uns prazos e temos que facer eses proxectos, senón quedamos fora; esta é a realidade e negálo sería absurdo. Agora ben, agora se nos presenta unha modificación que non temos máis remedio que aprobála se queremos terminar a Casa Carvajal, pero eu son consciente de isto e creo que temos que cambiar e facer un esforzo para intentar que os proxectos se pensen e non se fagan como se están facendo que en términos xerais están mal pensados; creo que a Administración debería colaborar tamén en materia de subvencións dándonos máis prazos, poño o exemplo de todos estes proxectos que tivemos que adxudicar, que por certo, hai baixas espectaculares, pero non é culpa nosa, é culpa do propio sistema. Vamos a votar a favor; pero fago esta crítica, aínda que estemos no goberno, porque é a realidade e a mín non me gusta, pero non hai máis remedio que facer as cousas así para poder sacar adiante estas obras.

**SR.RODAL, PP.-** Como todos ustedes saben esta obra de la Casa Museo de la Navegación está financiada en un 42% por el Ayuntamiento, un 42% por Diputación, y un 16% por CAIXANOVA.

Ahora, esta modificación de crédito va a salir del remanente de Tesorería para gastos generales que fué una liquidación positiva de casi 160 millones de las antiguas pesetas, por eso quiero agradecer el trabajo de todo el equipo de gobierno y en especial tanto de la Secretaria, Interventora, como del Alcalde, porque esto es una gestión de austeridad y se puede ver que seguimos trabajando para ello. En cuanto a lo que comentaron los portavoces, tanto el Sr.Fernández como el Sr.Estévez, sí que es un incremento de un 30%, pero como he dicho antes no es lo mismo una obra nueva, que puede ser mucho más real, que como en este caso una rehabilitación (como dije en mi primera intervención) de una edificación tan emblemática como es ésta para todos nosotros.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** O que non se pode permitir é este tipo de cousa, é dicir, temos unha modificación presupostaria de 550.000 euros a finais 2007-2008, é un 5% dun presuposto como ó de Baiona; e agora temos unha modificación dun 30% máis, é dicir, son circunstancias que hai que fiscalizar e hai que vixiar, incluso o que decía antes eu: que botaba de menos algún tipo de aclaración ou informe de Urbanismo, porque o primeiro proxecto legalmente non se



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

sostén baixo ningún concepto; entón, nos presentan un proxecto ó que quizás non se lle poda dar licenza, modificamos en medio millón de euros un presuposto, e agora nos veñen con outra modificación que antes falaba eu, por curiosidade, é que non tiñan contemplados os contenedores para recoller os escombros.

Modificacións presupostarias en proxectos de obra a todos nos pasa na vida, non soamente nun Concello senón na nosa propia casa, pero claro, é que hai situacións como unha nova medición de 600 m<sup>2</sup> en pintura que supón 7.000 euros, caray; o que pedimos aquí é un maior control, porque non empeza ben; non a dotación presupostaria ou o cambio presupostario, nin a cuestión política de facer un museo, nin moito menos, senón que en principio esta empresa ou esta dirección de obra, e estas modificacións, eu creo que requiren un control moito máis estricto e taxante que quizá en calquera outra obra, porque non empezan ben, para nada; é máis dun 30%. Hai cousas bastantes sangrantes, e o que non pode permitir un Concello é que unha situación destas lle cree indefensión xurídica, económica, e política incluso para as súas intencións; é demasiado porcentaxe dun presuposto económico dun Concello, demasiado, polo tanto non dá seguridade.

Pedimos dende aquí unha fiscalización e maior control sobre esta obra porque parece que pode haber quizá outra modificación do proxecto, e falo dende a humildade da limitación técnica dun concelleiro que analiza un proxecto de obra e que non se adica a iso, obviamente.

Neste punto da Orde do Día de modificación de crédito nós vamos a abstermos como sempre mantendo o rigor que sempre mantemos neste tipo de cousas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Me gustaría que me aclararan unha cuestión: o Concello, polo tanto ¿do reformado do proxecto soamente ten que pagar o 40%?.

**SR.ALCALDE.-** Estamos en negociacións coa Deputación e con CAIXANOVA para ampliar o convenio orixinal; xa está asumido de palabra; a Deputación creo que pagaba o 44%; neses términos será a financiación; exactamente co Convenio orixinal, a ampliación en porcentaxe igual ó actual.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Pero a reforma, a modificación de crédito se fai pola totalidade.

**SR.ALCALDE.-** Para sacálo antes de ter firmado por outras Administracións temos que ter unha base, pero o Concello vai a pagar menos do 50% do que é esta obra.

Quixera facer unha aclaración porque este proxecto ten máis de 10 anos de historia, ven de cando estaba Manolo Vilar de Alcalde, foi un anteprojecto recollido posteriormente, pero decir que e así, hai modificacións por temas, sobre todo en rehabilitacións, e creo que o PSOE e o BNG teñen claros exemplos dentro dos seus Concellos; en Vigo, por exemplo, o famoso Auditorio antes de empezar a obra houbo que facer un reformado porque había diferencias importantes entre o que teoricamente se ía a facer e o que teóricamente se vai a facer despois; sabemos que hai un par de palas pero non a obra, e sen embargo xa hai modificacións. E no Concello de Pontevedra hai 2 exemplos, e poden falar co Alcalde Lores, que foron o Pasarón, cun reformado de máis do 100%, e o Museo de Pontevedra, onde intervíñ coa Deputación, onde tamén hai un reformado non sei si dun 60 ou 70%, ¿porqué? porque os equipos que fixeron os proxectos orixinais atoparon problemas, por exemplo no Museo de Pontevedra atoparon unha porta nova da antiga muralla e tiveron que modificar o proxecto para recolléla, e tiveron outras alteracións na zona vella de Pontevedra, e isto é o que pasa con esta Casa que



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

agora nos ocupa, é unha casa antiga, e unha cousa é o que se ve dende fora e outra é o que te atopas cando se fai a tirada de tabiques; unha serie de problemas sobrevenidos; estamos falando de que un 10% da modificación do proxecto orixinal non faría falta facer nada, é unha modificación sen máis, e a partir do 20% é cando hai que facer un reformado que evidentemente está controlado polo propio director da obra, lóxicamente non é un tema que vaia independente senón que se constata e se revisa pola nosa parte; creemos que é unha obra importantísima e que hai que sair adiante con ela e ademais entendemos que no proxecto de musealización agora debe entrar tamén a Xunta; os fondos encontrados na bahía de Baiona deben estar tamén alí depositados, polo menos nun porcentaxe representativo, nese Museo; iso é algo que virá a continuación, pero agora o que queremos é pór o edificio en funcionamento para que poida ser unha zona de Auditorio, unha zona de servizo do Concello, e nos interesa que canto antes esté funcionando mellor.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 8 abstencións, 6, PSOE, e 2,BNG.**

**Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**APROBA-LO expediente de modificación de crédito nº 01/09, mediante suplemento de crédito por importe de 169.279,98 € na partida 451-62200: Rehabilitación Casa Carvajal, financiado coa partida de ingresos: 870-01: Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, aplicación para suplementos de crédito.**

**ORDEAR a publicación no BOP do presente acordo, a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública.**

#### **5.-MOCION RELATIVA A FACTURACION DAS COMPAÑIAS ELECTRICAS.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

#### **MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DE COALICION MIÑORANA DO CONCELLO DE BAIONA**

Os voceiros dos grupos municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana do Concello de Baiona, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte

#### **MOCIÓN**

**A Compañía Unión Fenosa, eléctrica que operan no noso municipio, amparándose na Disposición Adicional 7ª do Real Decreto 1578/2008 de 26 setembro, procedeu a**



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

facturación do seu servizo mensualmente, levándoa a cabo con base na lectura bimestral dos equipos de medida.

A consecuencia do anterior procedeuse á emisión dunha primeira factura baseada nun consumo estimado, provocando que na factura inmediatamente seguinte (con lectura real do contador), se inclúisen os Kwh que faltaban na anterior, resultando unhas diferencias moi significativas entre ambas facturas, e polo tanto, provocando un desequilibrio na economía de calquera persoa ou familia.

Dende o pasado mes de xaneiro de 2009, a Oficina Municipal de Información ao Consumidor deste concello, recibe un elevado número de reclamacións contra Unión-Fenosa.

Ata o día de hoxe, a OMIC leva tramitado un total de 75 reclamacións, debido ao novo sistema de facturación, e a escasa información que se ofrece aos seus abonados, sobre os cambios acontecidos nos últimos meses (subida das tarifas eléctricas, cambios nos sistemas de facturación...).

Así mesmo, establécese no artigo 8 do Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios, que é un dereito básico dos consumidores “A información correcta sobre os diferentes bens e servizos e a educación e a divulgación para facilitar o coñecemento sobre o seu adecuado uso, consumo e disfrute” e “A protección dos seus dereitos mediante procedementos eficaces” e que “Os poderes públicos protexerán prioritariamente os dereitos dos consumidores e usuarios cando garden relación directa con bens ou servizos de uso ou consumo común, ordinario e xeneralizado”.

A vista de todas estas consideracións o Pleno do Concello de Baiona

#### **SOLICITAMOS:**

1- A revisión por parte da Consellería de Industria de toda-las reclamacións remitidas dende a OMIC do Concello de Baiona, contra as compañías eléctricas do noso contorno e contestación por escrito ás mesmas.

2.- Solicitar á Consellería de Industria un cambio no sistema de facturación actual, favorecendo que as lecturas dos contadores se realicen cunha periodicidade mensual, ou que se retorne ao sistema de facturación anterior.

3.- A remisión deste Acordo a Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

---

**SRA.MIGUEZ, PSOE.-** Estamos totalmente dacordo con esta moción, de feito xa o 5 de febreiro fixeramos un Rogo no sentido de que se atenderan as reclamacións dos veciños que





EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

nos constaba que estaban moi preocupados con este tema e que lle estaba producindo a algunhas familias un desequilibrio económico moi importante, sobre todo nos casos dos xubilados que se atopaban de repente con que se lles estaban facturando unhas cantidades tan altas con este sistema de facturación mensual que a súa economía quedaba bastante mermada.

Creo que o importante aquí é pedir a volta ó sistema de facturación bimensual, ó que todo o mundo estaba acostumbrado, ou en todo caso a obriga das eléctricas de tomar unha lectura mensual real para que a facturación sexa xusta. De todos modos creo que esta moción é oportuna, hoxe mesmo o Ministro de Sanidade e Consumo anunciaba que estudian voltar á facturación anterior, ó sistema anterior; e recorda ás Comunidades Autónomas que teñen capacidade para expedientar ás eléctricas se consideran que están abusando dos consumidores.

**SRA.RODRIGUEZ, BNG.-** O BNG está dacordo con esta moción.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Por suposto nós asinamos a Moción; pero aquí hai un problema grave que é o coste da enerxía eléctrica, a veces por moito que fagamos a enerxía en España é cara e isto nos leva a estas circunstancias; independentemente de que como se decía na Comisión Informativa hoxe en día falar coa empresa FENOSA é chamar por teléfono e non saber dende onde nos atenden, se dende Africa ou dende non sei onde; isto distancia á empresa; nós añoramos aqueles operarios que existían na plantilla de Baiona que atendían ó público directamente e agora soamente queda unha persoa daquela escola que lóxicamente entende moito de electricidade e que hoxe non se quer pronunciar por razóns obvias. Nós estamos a favor de reclamar firmemente ante FENOSA e ante Industria.

**SR.RODAL, PP.-** En outubro del 2008 el Ministerio de Industria recomendó a las Compañías eléctricas la facturación mensual, a lo que se acogieron; lo que no dijeron es que tendrían que hacer la lectura mensual también.

Como comentó Manolo Vilar, también influye que este año hay un incremento más ó menos de 21% del kilovatio, pero la mayoría de la gente que vino a la Oficina de Consumo de lo que se queja es de los incrementos abusivos, de hecho hay casos de ciudadanos que incluso tienen un 300% ampliada su factura, y eso que estamos hablando de que antes la factura era bimensual y ahora es mensual. Hay casos muy curiosos, inclusive los que no tienen calefacción; Fenosa casi siempre contesta que el motivo de la subida es porque fue un invierno muy duro y se tiró muchísimo más de la calefacción, y no es cierto; es igual que el caso de la gente que ha puesto acumuladores, que en este caso aún por encima tienen un calor más leve pero sin embargo sus facturas han subido muchísimo. Igual que también antes se penalizaba cuando una familia pasaba de 1.100 kw de consumo al mes, en cambio ahora se ha reducido a los 500; todo esto sí influye en las tarifas, pero lo que sobre todo reclaman nuestros ciudadanos es que realmente no entienden ese consumo excesivo de kw que UNION FENOSA en los casos que sí ha ido a revisar dice que el marcador está bien y entonces que no procede ningún tipo de reclamación, inclusive que podrían (si quisieran) cobrar ese servicio que es de 50 euros en el caso de ir a revisar el contador y que éste estuviera bien.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

---

Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:

**SOLICITAR:**

1- A revisión por parte da Consellería de Industria de toda-las reclamacións remitidas dende a OMIC do Concello de Baiona, contra as compañías eléctricas do noso contorno e contestación por escrito ás mesmas.

2.- Solicitar á Consellería de Industria un cambio no sistema de facturación actual, favorecendo que as lecturas dos contadores se realicen cunha periodicidade mensual, ou que se retorne ao sistema de facturación anterior.

3.- A remisión deste Acordo a Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

**6.-URXENCIA.**

**-CESION DO CENTRO DE SAUDE A CONSELLERÍA DE SANIDADE-SERVIZO GALEGO DE SAUDE.**

O Sr.Alcalde explica a inclusión por Urxencia do presente punto; xa na Comisión Informativa falouse dél pero todavía non se podía presentar por estar en exposición pública; neste momento xa pasou ese prazo, remitiuse a documentación a tódolos grupos, polo que procede agora a votación da Urxencia.

---

**Procédese a votación de URXENCIA do presente punto, resultando aprobada por unanimidade.**

---

O **SR.RODAL, PP**, procede á lectura da seguinte:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Resultando que en data 18/12/2008 o pleno da corporación aprobou o borrador de convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e Concello de Baiona para asuncións dos custos de mantemento do Centro de Saúde. De acordo coa cláusula quinta do *Convenio "O Servizo Galego de Saúde comprométese á asunción dos gastos de mantemento do centro de saúde a partir do momento en que se proceda a formalización da cesión patrimonial do mesmo de acordo co previsto no presente convenio "*

Resultando que o pleno da corporación en sesión de data 18/12/2008 prestou aprobación o acordo de inclusión do edificio do Centro de Saúde no inventario de bens do Concello de Baiona como ben patrimonial e psoeriormente o inmovible inscribiuse no Rexistro da propiedade nº4, tomo 165 de Baiona, folio 97, finca 11.977, inscrición 2ª.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**Resultando que de conformidade co artigo 110 do regulamento de bens o expediente consta da seguinte documentación:**

- **Protocolo entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e Federación Galega de Municipios e Provincias sobre asunción de custos de mantemento dos Centros de Saúde e borrador de Convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e Concello de Baiona onde se xustifica a finalidade da cesión.**
- **Certificación do Rexistro da Propiedade no que consta que o edificio de centro de saúde está inscrito no rexistro nº4 tomo 165 de Baiona, folio 97, finca 11.977, inscrición 2ª.**
- **Certificado do secretario do acordo do pleno da corporación de data 18/12/2008 no que se acorda a inclusión do edificio do Centro de Saúde no inventario de bens do Concello de Baiona como ben patrimonial.**
- **Informe da interventora no que fai constar que non hai débeda pendente de liquidación con cargo a exercicios anteriores ó ano 2009.**
- **Informe técnico onde se indica que o edificio do centro de saúde non se atopa incluído en ningún plan de ordenación.**
- **Certificado de exposición ó público**

**E por isto polo que cumpridos todos os trámites legais establecidos propono ó pleno da Corporación, o seguinte acordo:**

**Primeiro.**- Ceder a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde o edificio destinado a centro de saúde inscrito Rexistro da Propiedade de Vigo nº4 tomo 165 de Baiona, folio 97, finca 11.977, inscrición 2ª e incluído no inventario de bens do Concello de Baiona como ben patrimonial.

**Segundo.**- Remitir o presente acordo a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde

---

**CONTINUA.**- Imagino que todos estaremos a favor, tal y como se hizo ya en diciembre cuando llevamos esta Propuesta, que realmente ya no debíamos de haber mantenido desde el Concello esas instalaciones; se había dicho desde Intervención que eran más o menos unos 172.000 euros, que no teníamos porque haber estado manteniendo. Ahora ya está este edificio dentro del Registro Municipal y esta propuesta es para que haya una cesión patrimonial de este bien inmueble al SERGAS.

**SR.LORES, PSOE.**- E unha xestión feita pola Consellería de Sanidade que apoiamos en todo momento, parecíanos que era unha boa xestión por parte da Consellería; o que sí esperamos agora é que a nova Consellería non nos devolva os gastos do Centro de Saúde, a ver se somos capaces de mantéla.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Estamos a favor deste tema, se o Centro non cae, porque é un Centro cun diseño moi bonito pero a veces as ventanas non cadran cando se suben ou se baixan. Estamos a favor como non pode ser doutro xeito.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.-** De todas formas creo que temos un gran Centro de Saude e sobre todo, uns grans profesionais; temos unha sorte inmensa de ter este servizo en Baiona.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

---

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:**

**Primeiro.-** Ceder a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde o edificio destinado a centro de saúde inscrito Rexistro da Propiedade de Vigo nº4 tomo 165 de Baiona, folio 97, finca 11.977, inscrición 2ª e incluído no inventario de bens do Concello de Baiona como ben patrimonial.

**Segundo.-** Remitir o presente acordo a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde

## **7.-MOCIONS.-**

Non se presentan.

## **8.-ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr.Alcalde recorda unha pregunta do Pleno anterior feita en relación a unha persoa e a un tema dun Tribunal; trátase de cunha persoa presentou unha reclamación a un Tribunal en canto á puntuación, coa que estaba en desacordo porque na fase de entrevista o Tribunal equivocouse e en vez de valorar de 0 a 3 puntuou de 0 a 4; o que se fixo posteriormente foi adecuar, baixar, en proporción.

Esa reclamación interposta a modo de recurso de Alzada por D.Miguel Hernández contra a valoración do Tribunal se estima parcialmente, e se ratifica a designación de D.Javier Rubinos Conde como conserxe do Colexio de Sabarís, porque o que se fixo foi, proporcionalmente, marcar un tope no 3, e baixar.

**SRA.SECRETARIA.-** Nosotros hacemos un cuadro de puntuación conforme a las bases, lo que pasó fue que al transcribir, por error, se puso 4 en lugar de 3; lo que se hizo fué poner el tope en 3 y proceder a la nueva valoración proporcionalmente con una regla de tres a todos los candidatos; se modificaron todas las valoraciones de la entrevista, tanto al reclamante como al designado para el puesto, con lo cual quedó tal y como estaba; simplemente se bajó a todos proporcionalmente.

Esta persoa que reclamó presentó hoxe outra reclamación que realmente reitera lo mesmo, no se basa en una causa de nulidad. Fué un error que se corrigió y consideramos que está ajustado a Derecho.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

Se le puede volver a contestar; él presentó un recurso y contra ese recurso le queda la vía contenciosa.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Un ROGO técnico: a fotocopiadora deste Concello ten un problema tremendo; é insufrible recibir a documentación, hai folios en branco.

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as doce horas e coarenta e cinco minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.